



Perante os problemas de interpretación suscitados sobre o parágrafo segundo do artigo 24 das Normas de Xestión Académica aprobadas pola Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996, esta Secretaría Xeral, no uso da competencia establecida no mesmo precepto legal e que abrangue ó desenvolvemento, confección, entrega, depósito e custodia e procedementos de rectificación de actas, dicta a seguinte

INSTRUCCIÓN

O artigo 24, parágrafo segundo, establece a posibilidade de modificar actas sen necesidade de instruír procedemento por parte dos profesores asinantes no prazo dun mes a partir da data na que remate o prazo de entrega de actas.

Se ben este procedemento ten unha finalidade de economía e celeridade na modificación das actas, tal celeridade non pode verse contradita cunha garantía dos administrados cando a corrección lle produce unha situación "in peius" ou negativa. Neste caso debe existir a conseguinte intervención do administrado mediante o garantizador trámite de audiencia como requisito previo á modificación que se pretenda operar.

Deste xeito o procedemento de rectificación de actas quedaría do seguinte modo:

1.- As actas poderán ser modificadas sen necesidade de instruír procedemento e só coa comparecencia na Unidade de Xestión Académica correspondente dos profesores asinantes das actas no prazo dun mes a partir da data na que remate o prazo de entrega das actas sempre que a cualificación resultante da modificación sexa máis favorable para o alumno.

2.- Nos casos en que a cualificación modificada sexa máis prexudicial para o alumno que a inicialmente consignada na acta, ou cando transcorra máis dun mes da data final fixada para a entrega das actas, para que a modificación teña lugar deberá seguirse o procedemento de rectificación de actas con audiencia ó administrado.

3.- Unha vez admitida a rectificación da acta, os documentos administrativos que conteñan as cualificacións anteriores á corrección carecerán de toda validez xurídica.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 1996

O SECRETARIO XERAL

Gumersindo Guinarte Cabada